

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO CORRESPONDENTE AO DÍA 2 DE XUÑO DE 2023**

Ás 10.00 horas do día 2 de xuño de 2023, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión extraordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidente:** D. José Manuel Baltar Blanco

### **Deputados/as do Grupo Popular:**

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D.<sup>a</sup> Ana Patricia Torres Madureira

D.<sup>a</sup> Luz Doporto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Pablo Pérez Pérez

D. César Manuel Fernández Gil

D.<sup>a</sup> Ana María Villarino Pardo

D.<sup>a</sup> Consuelo Vispo Seara

### **Deputados/as do Grupo Socialista:**

D. Rafael Rodríguez Villarino

D. Diego Fernández Nogueira

D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández

D. José Ignacio Gómez Pérez

D.<sup>a</sup> Margarita Pérez Fernández

D. Aurentino Alonso Araújo

D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Estévez

**Deputado do BNG:** D. Bernardo Varela López

**Deputada non adscrita:** D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Nóvoa

**Secretario:** D. Juan Marquina Fuentes

**Interventora:** D.<sup>a</sup> Mónica Legaspi Díaz

Non asiste o deputado do Grupo Popular don Miguel Antonio Cid Álvarez, xustificando a súa ausencia (quen emitiu o seu voto de forma non presencial). Non asisten os deputados de Democracia Ourensana don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo. Non asisten a deputada do Grupo Socialista dona Rosario Rodríguez Delgado, nin o deputado don Álvaro Vila Araújo, que tamén escusou a súa ausencia.

O tratamento do único asunto incluído na orde do día desenvolveuse do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense: [ver vídeo acta](#)

**ÚNICO.- MOCIÓN PARA CLAREXAR A TRAMA DE PRESUNTAS PRÁCTICAS ILEGAIS RELATADA POR JOSÉ LUIS BALTAR BLANCO NUN MEDIO DE COMUNICACIÓN E PARA ESIXIR RESPONSABILIDADES POÍTICAS A JOSÉ MANUAL BALTAR BLANCO POLOS SUPOSTOS DELITOS ALÍ DESCRITOS.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): procede a expoñer a iniciativa política do seu grupo na que indica que logo da difusión de conversas e gravacións de audio de Whatsapp por parte do xornal ‘Público’, nas que José Luis Baltar Blanco, irmán do presidente da Deputación de Ourense, relata, con todo detalle presuntas mordidas, comisións e outro tipo de supostas ilegalidades nos procesos de contratación e adxudicación desta institución, practicadas, segundo esta persoa, polo actual presidente, pola súa familia e por unha serie de empresas, alcaldes e alcaldesas da provincia, o Grupo Socialista, unha vez máis, vese na obriga de impulsar un pleno extraordinario e urxente para clarexar, ante toda a corporación, uns feitos gravísimos que salpican directamente ao actual goberno e súa formación política, xa que nas conversas tamén se detallan evidentes prácticas de financiamento ilegal. Non é a primeira vez que tratamos este asunto, posto que varios informes do Consello de Contas xa confirmaron a existencia dunha evidente trama de intereses económicos espúreos baseada, entre outras irregularidades, nos contratos masivos a dedo e nas desmesuradas subvencións nominativas aprobadas por Manuel Baltar semana tras semana, en cada xunta de goberno. No PSOE xa tiñamos claro que os enchufes masivos polos que foi condenado xudicialmente o expresidente, José Luis Baltar, eran só a punta do iceberg

dunha basta trama familiar corrupta que parasita, desde hai tres décadas, as institucións públicas. Pero que agora sexa un dos membros desta familia quen explique, entre risas e con todo detalle, como esquilman as institucións mediante praxes penadas no Código Penal, é un gran salto cualitativo no referente ás probas existentes desta corrupción política e económica. Desde o PSdeG-PSOE condenamos rotundamente os feitos e cremos imprescindible lograr un acordo unánime do resto de grupos políticos da corporación provincial, que somos a maioría deste pleno, para permitir que o máximo órgano da institución poña negro sobre branco ante un sistema supostamente ilegal que, para a desgraza de todos e todas os ourensáns, xa contamina amplamente, segundo se detalla nesas gravacións, a concellos e empresas, só para favorecer intereses económicos personalistas. A celebración dun pleno extraordinario é a única vía que nos queda para aclarar estes turbios asuntos relatados por José Luis Baltar Blanco, xa que o actual presidente e os deputados e deputadas do Partido Popular, sempre se negaron a que estes preocupantes asuntos sexan tratados no pleno ordinario ou nas comisións informativas, a pesar das evidentes probas que xa tiñamos do que estaba e está a suceder na institución. A política é un exercicio lexítimo e dignificante, polo que xa é hora de que na provincia de Ourense, recupere o pulo, o brillo e a credibilidade que nos está a furtar unha saga familiar, manchando a honorabilidade e a imaxe desta histórica institución e desta fabulosa provincia, cun carrusel de escándalos e supostas ilegalidades que non cesa. É a hora da verdade, da honestidade e de cambiar as cousas. Tendo en conta o detallado e entendendo que se cumpren todos os requisitos legais, os membros do grupo socialista solicitan a convocatoria dun pleno extraordinario para adoptar os seguintes acordos: 1. O Pleno da Deputación Provincial de Ourense insta ao presidente desta institución, José Manuel Baltar Blanco, a explicar ante este órgano, con todo detalle, a inxente cantidade de prácticas presuntamente ilegais, detalladas por José Luis Baltar Blanco en conversas e audios de Whatsapp difundidas por 'Público', nos que, segundo o seu propio irmán, participan e se benefician directamente o actual presidente, os seus familiares, alcaldes e alcaldesas do Partido Popular, así como empresas da provincia. 2. O Pleno da Deputación Provincial de Ourense insta ao presidente, José Manuel Baltar Blanco, aos seus familiares e ao resto de implicados e implicadas na trama supostamente corrupta difundida por 'Público', a cesar inmediatamente na comisión de actividades presuntamente delituosas, aproveitándose dos procesos de contratación e de concesión de subvencións desta institución. 3. O Pleno da Deputación Provincial de Ourense insta ao presidente, José Manuel Baltar Blanco, a deixar o

cargo de inmediato e a desculpase publicamente ante a cidadanía, trala a inxente cantidade de prácticas presuntamente ilegais detallados por José Luis Baltar Blanco en conversas e audios de Whatsapp difundidas por ‘Público’, nos que, segundo o seu propio irmán, prácticas nas que participa e se beneficia directamente o presidente, con supostas mordidas, comisións e todo tipo de ilegalidades nos procesos de contratación desta institución. 4. O Pleno da Deputación Provincial de Ourense insta aos alcaldes do Partido Popular de Ourense implicados na trama de feitos e prácticas presuntamente ilegais, detallados por José Luis Baltar Blanco en conversas e audios de Whatsapp, nas que explica supostas mordidas, comisións e todo tipo de ilegalidades nos procesos de contratación desta institución nos seus concellos, a dimitir de inmediato e a desculpase publicamente ante a cidadanía.

Explica que estes acontecementos se unen a todo o que ten pasado nos derradeiros meses nesta institución provincial e que poñen en dúbida a honorabilidade desta e do seu presidente, e que todo comezou cunha cultura familiar que arrinca nunha época na que quedou patente que o PP de Ourense manexaba facturación en “B”, e na que o anterior xerente, o Sr. Emilio Pascual, dicía que había facturas a nome do actual presidente e que fora indemnizado con 24.000,00 € en “B” dunha caixa forte enorme que había na sede do propio PP de Ourense. Todo nos leva a un sistema ao que hai que engadir todos os “enchufes” que levaron ao actual presidente a encabezar o seu partido e poder acadar a Presidencia desta Deputación nunha lista na que estaba como segundo suplente. A continuación veñen os contratos menores, que este grupo socialista leva denunciados unha e mil veces, e o propio Consello de Contas se fixo eco disto. Nos solicitamos a esta casa, no ano 2021, que nos indicasen a existencia dos contratos menores de obras, e a xefa da Sección de Contratación informou que no ano 2018 o 88 % de todos os contratos de obra eran contratos menores, no ano 2019 a porcentaxe é dun 79 %, e no ano 2020 un 83 %, unha porcentaxe desproporcionada se a comparamos con calquera outra deputación. Isto deu lugar a que no ano 2021 se ditase unha instrución pola Secretaría Xeral sobre a tramitación dos contratos menores na que se dicía entre outras cousas que debía engadirse unha memoria, que se debe tratar dunha práctica excepcional, que había que xustificar a súa tramitación deste xeito, e sen embargo nada mudou. Nós preguntámonos o porqué desta tramitación, e porqué todos os contratos menores se reparten entre cinco empresas que vou a citar: CONSTRUCCIONES Y ALMACENES MANUEL VISO, COVIASSTEC, CAMIÑOS DE OURENSE, EXPLOTACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS e CONSTRUCCIONES Y PROMOCIONES CRUZVAL. Ademais o número máximo que é o

39.669,42 €, que é a cifra habitual con independencia da obra de que se trate, e que bordea o importe máximo do contrato menor de obra. Esta é a situación e todo mundo a denuncia e nós tamén. Unha posible explicación a esta situación é que exista sobrecostos que sirvan para pagar “mordidas” e hai xeito de conseguilo con estas cifras. Un exemplo é unha recente obra desta Deputación no concello de Punxín, consistente nunha reparación dunha porta que consistiu en lixar as bisagras, quitala, pintala e volvela poñer nun cubículo, e que valeu 11.990,80 €, polo que pode a xente xulgar se hai marxe ou non para gañar algo de cartos neste tipo de obras.

No audio que estamos a analizar agora, é a voz do propio irmán do presidente, o que reconece a existencia destas “mordidas”, falando dunha trama na que están implicados varios alcaldes. (Neste intre procede a activar os audios publicados no diario “Publico” a través do seu teléfono móbil).

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): comeza a súa intervención en primeiro lugar indicando que hai cinco días que a cidadanía de Ourense se pronunciou, e nos gusten máis ou menos os resultados, hai que telos en conta. Por outra banda, o presidente “accidental” da Xunta de Galicia onte dixo unha frase que é moi definitiva do que está acontecer nesta provincia, dicindo que o señor Manuel Baltar a día de hoxe é só un concelleiro en Esgos. O problema do PP de Ourense non é só que non acadou a maioría absoluta na Deputación, senón que o propio PP noutras instancias semella que está intentando tomar outros camiños, se ben o Sr. Rueda e o Sr. Feijóo deberían explicarse con maior claridade. Engade que estes audios non foron filtrados polo BNG, e seguramente todo isto non veña desde a oposición. A política debería ser a forma de mellorar a vida e as oportunidades de toda a cidadanía en xeral, e semella que a imaxe que está dando esta Deputación é a contraria ao que debe ser unha institución democrática. Vostedes como representantes do PP deben tomar nota dos resultados electorais. Engade que vai apoiar esta moción do grupo socialista e agarda que poidamos mudar entre todos e todas estas formas de facer política, que sería o realmente importante, pasar páxina nesta institución provincial.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): comeza sinalando que vai ser breve e moi concreto, xa que non quere colaborar no barullo mediático. O PP e a Deputación de Ourense son completamente alleos ás supostas conversas recollidas no medio de comunicación que aquí se citou. Este artigo foi lanzado en plena xornada de reflexión co evidente interese de influír no resultado electoral. A cidadanía ven de avaliar o traballo das formacións políticas

nas pasadas eleccións locais, referendando ao PP de Ourense como a lista máis votada na provincia con moita diferenza. O artigo ao que se refire a moción do PSOE queda enmarcado na campaña de embarrar o terreo de xogo que promove o grupo socialista a través do seu voceiro, nada máis e nada menos, e rexeita por completo calquera mínima acusación de comportamentos irregulares no PP de Ourense e nesta Deputación. Lembra que esta Deputación lidera a clasificación de transparencia dos gobernos provinciais e todos os expedientes están publicados para a súa consulta na PCSP, polo tanto, fronte o fume, os feitos.

- 2ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): nesta quenda comeza sinalando que o importante de todo isto é esclarecer a verdade, e continuando co artigo de “Público” queda clara como é a forma de actuar desta trama.

(Neste intre procede a activar os audios publicados no diario “Publico” a través do seu teléfono móbil).

Fálase dunha obra concreta de rehabilitación superficial no concello de Barbadás que foi encargada a unha empresa portuguesa que se dedica curiosamente á automoción, segundo a trama aquí relatada, e non se trata dun invento do partido socialista, senón que sae da propia voz do irmán do presidente desta institución. Engade que no día de hoxe sae outra noticia nos medios de comunicación, e é que o chofer do Sr. presidente, xubilado hai uns meses, e que supostamente identificou como condutoras do seu coche oficial en dúas multas á súa dona e á súa filla, resulta que fai unha utilización dos fondos da Presidencia para todo, para comprar centos e centos de flores, aplicacións do móbil, un balón de balonmán ou polos en COREN, facendo unha utilización dos fondos públicos como se fose a casa dun, polo que espera que intervención, unha vez que os revise, diga se estes gastos son ou non asumibles. As contradicións están na propia conducta do presidente que cando foi cazado recentemente nunha importante infracción de tráfico, dixo que fora un caso illado, e agora resulta que hai moitas máis multas. Queda claro que a honorabilidade desta institución debemos construíla a partir deste mandato, agardando que estes comportamentos non existan nunca máis, e queda acreditado que a mentira reiterada é o xeito de facer deste presidente provincial, agardando que espera recibir o apoio dos demais grupos e tamén dos deputados e deputadas do propio PP.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): comeza sinalando que como dixo Manuel Iglesias Corral naquela frase mítica no Parlamento de Galicia, “aquí pasou o que pasou, e

todos sabemos o que pasou”, e que un pouco isto é o que acontece aquí. Engade que lle gustaría que o Sr. Rueda e o Sr. Feijóo se pronunciasen sobre todo o que está a acontecer nesta Deputación. A cidadanía falou a semana pasada e queda claro que non lle deron a maioría absoluta a ningún grupo nesta Deputación. Remata indicando que o BNG vai apoiar esta moción e insiste en que a política debe servir para mellorar a calidade de vida das persoas para debater propostas e accións para mellorar e en ningún caso debería poder sospeitarse de prácticas como as que teñen saído nos medios de comunicación nestes días, do que o PP debería tomar nota, e todo debería ter consecuencias políticas porque así imos mal.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): nesta quenda comeza indicando que agradece o ton do BNG no debate e que entre todos debemos intentar dignificar a política, sen que isto non queira dicir que o que a faga, a pague. Sobre o artigo do que se fala na moción, indica que é un claro intento de intoxicación, e anuncia que os equipos xurídicos do PP de Ourense e da Deputación estudan a posibilidade de interpoñer accións xudiciais. Sobre os resultados electorais sinala que os do PSOE son moi clarificadores, xa que perdeu máis de 12.000 votos en toda a provincia, e que o modelo do PP de Ourense foi sen dúbida o máis apoiado, con bastantes máis votos que o PSOE e o BNG xuntos. Para acabar sinala que a cita que se fixo sobre os anticipos de caixa fixa non son máis que iso, para gastos a xustificar e regulados perfectamente no artigo 190.3 do Texto refundido das facendas locais, e no que non se regula ningunha limitación respecto á natureza dos gastos. Remata pedindo que este pleno debería servir para que nos demos conta de que debemos traballar pola provincia e non perder tempo en “chuminadas”.

- quenda de peche Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): comeza sinalando que isto son precisamente calquera cousa menos “chuminadas”, xa que aquí se fala de presuntas mordidas e prácticas irregulares. Este pleno vale para que a opinión pública vexa a forma de actuar e de proceder nesta Deputación nestes anos. Para rematar e en honor á verdade e para dicir as cousas que son certas, indica que vai pasar dous documentos a todos os deputados e deputadas. Logo de entregar a aqueles deputados e deputadas que os aceptan, sinala que se trata dunha foto dunha multa desta Deputación de data 19.09.2021 no que non se identificou ao condutor porque fora imposible, e nesa foto se pode ver con claridade a foto da DGT coa velocidade e o lugar da infracción, e a segunda é a imaxe ampliada, e non cabe dúbida de que o copiloto é o señor Manuel Baltar, polo que queda clara unha mentira máis deste presidente, e que non se debe tolerar nesta Deputación Provincial.

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (7) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (12, incluído o voto a distancia de don Miguel A. Cid Álvarez) e da deputada non adscrita (1).

### **PEGADA DIXITAL VÍDEO**

Url

<https://depourense.seneca.tv:443/s/4YtdkmaqBXRjWImreXprgGXXK4VuReAn1Xyw6lh9ivuUOJliTF.wmv>

SHA512

431fa970fb5ba1eb36e6ddd241b47d72279ccd98f26c973c9113fdd225a56d78a22b96e  
f4d37def8997eb3bba193fc08a577a9b201421240d30d4113f5f2dff4

E, ás 10.54 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.